

**DECRETO**

**EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

**ASUNTO: RECTIFICACIÓN DO ERRO MATERIAL PADECIDO NO DECRETO NÚMERO 8642/2022 DO 05.09.2022 POLO QUE PROCEDE A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO (EXPTE TC 19/2022) PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO PARA O PAGAMENTO DO MOBILIARIO E CADEIRAS NECESARIOS PARA AMOBLAR UN PISO PROPIEDAD DO CONCELLO DE LUGO DESTINADO ÓS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS E SITUADO NA RÚA RIO SIL".**

Visto o expediente tramitado para dar cobertura ás obrigas de carácter económico para o pagamento do mobiliario e cadeiras necesarios para amoblar un piso propiedade do Concello de Lugo destinado ós servizos sociais municipais, situado na rúa Río Sil, por un importe total de 4.877,99€ dentro do vixente orzamento 2022 desta Corporación e na que se sinala a conveniencia de minoración do crédito da aplicación orzamentaria 23150.22699 do vixente Orzamento Xeral segundo os informes incorporados ao expediente, propoñéndose a tramitación do correspondente expediente de crédito mediante a modalidade de transferencia de crédito, examinados os antecedentes obrantes no expediente constátase a existencia dun erro material no mesmo, polo que procede a súa subsanación.

En virtude do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común que literalmente di: "Las administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos", procede a subsanación do mesmo, de xeito que onde di: "CÓDIGO DE PROXECTO 22XX00043" deberá dicir "CÓDIGO DE PROXECTO 22XX00045", manténdose o resto do contido do Decreto invariable e dando traslado do expediente ao departamento de Contabilidade, que deberá introducir os axustes derivados do mesmo.

Polo que **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Corrixir o erro padecido no Decreto número 8642/2022 do 05.09.2022, de xeito que onde di: "CÓDIGO DE PROXECTO 22XX00043" deberá dicir "CÓDIGO DE PROXECTO **22XX00045**", manténdose o resto do contido do Decreto invariable e dando traslado do expediente ao departamento de Contabilidade, que deberá introducir os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.